

Se queremos facer un debuxo do natural:

Nós, en clase, traballamos cunha máxima:

**DEBUXA TODO O QUE VES
E SÓ O QUE VES**

Isto o temos que levar ó noso debuxo, moitas veces vemos liñas que ao debuxalas non as entendemos, polo que non as debuxamos e iso é un erro. Temos que educar a nosa forma de mirar para a analizar perfectamente o noso debuxo

Materiais:

Ventá (recadro de encadre)

Lapis de distintos números

Difumino

Podo empregar rotuladores ou pinturas para rematar o traballo

Pasos que ter en conta:

1º- Facer un debuxo cun HB en liñas moi suaves de como vemos o que queremos representar, axudámonos da ventá para encadrar o que queremos que apareza no noso papel.

2º-Con axuda do lapis medimos os tamaños e as relacións dos distintos elementos do debuxo, coa ventá vemos as inclinacións das liñas que aparecen no debuxo.

Para encadrar coa ventá, esta achegarase ao noso ollo para aumentar o campo de visión, se a afastamos reduciremos ese espazo.

Sen embargo para coller as medidas co lapis temos que estalicalo todo o posible, para que esas medidas non varíen



Algo moi importante é non perder de vista o que estamos a debuxar, temos que mirar e examinar o modelo **CONSTANTEMENTE**.

3.- Se en algún momento descansamos, cando nos incorporamos podemos verificar as medidas, e corriximos (sen borrar) con outra liña.

Podemos facer isto até atoparnos ben có noso debuxo, coas proporcións, situación dos distintos elementos...

4º.- Unha vez que temos xa un esquema válido comezamos co detalle, moito máis acentuado no primeiro plano.

5.- Terminamos polas sombras, e as luces coa goma.



Ves nestes debuxos distintos estados do proceso.